



MANUEL LARA COIRA



PERFIL PROFESIONAL:

Doutor Enxeñeiro Industrial
Profesor (xubilado) da Universidade da Coruña
Presidente de «Buxa, Asociación Galega do
Patrimonio Industrial»



CONTACTO:

mlara@udc.es
<https://www.asociacionbuxa.com>
mlara@asociacionbuxa.com

Manuel Lara Coira naceu no outono de 1950 en Ferrol (entón El Ferrol del Caudillo), provincia de La Coruña (agora A Coruña). Estudou o Bacharelato no Instituto Nacional de Ensino Medio “Concepción Arenal”, na súa cidade natal. Titulouse despois como Enxeñeiro Industrial na Escola Técnica Superior de San Sebastián, diplomándose en Enxeñaría Ambiental na Escola de Organización Industrial do Ministerio de Industria do Goberno de España.

Harmoniza o seu traballo como enxeñeiro coa docencia e co coleccionar coñecementos inútiles, porque aínda cre que serve para algo “saber se o Himalaya é navegable” (grazas Quino!). Realizou unha tese doutoral sobre a redución do risco na dirección dos proxectos de aproveitamento de recursos eólicos, accedendo así ao título de Doutor Enxeñeiro Industrial pola Universidade da Coruña. Atraído pola historia industrial, participou no verán do ano 2008 na creación de «Buxa, Asociación do Patrimonio Industrial de Galicia».

Evidencia da súa radical e irrenunciable dispersión son os diferentes traballos publicados en diversos ámbitos: *As enerxías renovables e Galicia*, *The right to the sunshine: hesitations towards town planning sustainability*, *Molinería industrial en Trasancos: el sustento del Ferrol dieciochesco*, *La minería y el patrimonio minero en Galicia*, *Treinta años de eólica en Galicia*, *Pegadas da industrialización en Galicia: a enseada de San Simón*, *Diez años del gas natural en Galicia*, *Sustainability of electricity generation systems*, *Poboación e industria na ría de Ferrol*.